

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

APLICABLES ÓS MÉRITOS CORRESPONDENTES Ó 2007

(Aprobados en Consello de Goberno de data 5/3/2008)

CRITERIOS XERAIS:

- A)** Avaliaranse os méritos correspondentes ó ano 2007.
- B)** Os méritos avaliaranse sempre que no documento acreditativo (libro, artigo, comunicación etc) figure expresamente que o autor é da Universidade de Vigo, salvo que nese período non se incorporase a esta
- C)** Non se considerarán aqueles méritos dos que a documentación sexa insuficiente ou confusa.
- D)** Só se avaliarán os méritos daqueles que sexan membros da Universidade de Vigo no momento da solicitude. Consideraranse membros da Universidade de Vigo ademais dos profesores, os alumnos de terceiro ciclo e bolseiros, que estiveran realizando o seu labor investigador no período de avaliación.
- E)** Co obxecto de incentivar as relacións externas dos investigadores e a difusión e impacto dos traballos, premiaráse a produción conxunta derivada de ditas relacións.

Puntos totais = Puntos en base os criterios [2 U.V.A./ (2 U.V.+ Outros)]

Sendo U.V.A. o número de investigadores totales da área A da Universidade de Vigo que participaron no traballo, U.V. o número de investigadores totales da Universidade de Vigo e Outros o número de investigadores doutras institucións.

Se o número de autores da Universidade de Vigo, e igual ou superior á metade do número de autores, computarase o traballo como realizado na súa totalidade por autores da Universidade de Vigo.

F) Os traballos presentados por varios autores pertencentes á mesma área de coñecemento, deberán ser solicitados unha soa vez. Os traballos asinados por varios autores que pertencen a distintas áreas ou Departamentos avaliaranse unha soa vez pero deberán seren solicitados por cada unha das áreas ou Departamentos implicados. O reparto dos puntos entre as áreas ou Departamentos implicados farase de forma proporcional ó número de autores.

G) Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. Cando un mérito sexa presentado nun apartado que non corresponda, non se avaliará.

H) Non será preciso que o Departamento entregue aquela documentación que teña avaliación automática, agás que se solicite expresamente. En todo caso, avaliada a produción científica, a documentación será devolta integramente ó departamento.

I) Durante o ano 2008 establecerase un repositorio institucional no que poida incorporarse software libre e open source con vistas á súa posible inclusión no ano seguinte como mérito de produción científica.

1 - LIBROS

Documentación: Presentarase o exemplar completo e só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, ou requisito equivalente en formato distinto de libro, dacordo cas normas internacionais.

(A edición de Teses de Doutoramento non se considerarán neste apartado)

- As distintas edicións dun mesmo libro valoraranse se cambia sustancialmente o seu contido.
- Non se consideran prólogos de libros
- Os libros de homenaxe sin sistema recoñecido de revisión de contribucións computarán, como máximo, a metade dos puntos totais que corresponda ó tipo de libro ou capítulo.
- Consideraranse como libros ou capítulos de libro, no seu caso, os seguintes tipos de publicacións de investigación:

Monografías

Edicións críticas

Informes

Catálogos de exposicións

Discos compactos

Vídeos

Traducións de libros que conteñan un estudio da obra

1.1

Libros completos de Investigación:	Como autor	Como editor
Publicación de ámbito internacional:	Ata 24 puntos	Ata 8 puntos
Publicación de ámbito estatal:	Ata 16 puntos	Ata 6 puntos
Publicación de ámbito galego ou local	Ata 6 puntos	Ata 2 puntos
Libros de investigación do Servizo de Publicacións	Ata 6 puntos	Ata 2 puntos

A Comisión de Investigación poderá establecer conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa (24 puntos para tipo "A", 18 para tipo "B", 12 para tipo "C" e 6 para tipo "D")

1.2

Capítulo de Libro:	Como autor
Publicación de ámbito internacional	Ata 8 puntos
Publicación de ámbito estatal	Ata 4 puntos
Publicación de ámbito autonómico ou local	Ata 1,5 puntos

No caso das exposicións:

Documentación: Deberase presentar orixinal ou copia do catálogo onde se indique o título da exposición, lugar e data de celebración, nº e títulos das obras presentadas.

1.3 Exposicións ou comisariado de exposicións ata 10 pts

2 - PATENTES INDUSTRIAIS E DESENVOLVEMENTO DE PROTOTIPOS E INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS OU ARTÍSTICAS

Documentación: Copia da aceptación da patente, prototipo ou innovación e/ou xustificante da aceptación, así como xustificantes da tramitación a través da Universidade de Vigo.

Considerarase como data de referencia a data de aprobación pola oficina de patentes ou pola oficina correspondente no caso de prototipos ou innovacións.

Non se considerarán as patentes, prototipos ou innovacións en trámite.

2.1 Creación de Empresas de Base Tecnolóxica ligados a programas nos que estea implicada a institución universitaria: 20 puntos

2.2 Patentes con extensión europea en alomenos 3 países: 15 puntos

2.3 Patentes rexistradas en España en explotación: 10 puntos

2.4 Patentes rexistradas: 5 puntos

2.5 Prototipo rexistrado como modelo de utilidade: 3 puntos

3 - ARTIGOS OU TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PUBLICADOS EN REVISTAS

Documentación: Achegarase no Departamento o orixinal ou copia completa do traballo, no que debidamente impreso conste a data de publicación, o nome da revista e os autores.

Criterios de clasificación de revistas:

3.1 TIPO A: Revistas que aparezan no Science Citation Index, Social Sciences Citation Index, Arts & Humanities Citation Index e no H. W. Wilson Database. Nestas revistas establécense tres subcategorías: A₁, inclúe aquelas revistas contidas no primeiro tercio do índice de citas nalgunha das categorías establecidas nos listados oficiais dos índices de citas do último ano dispoñible. A₂, aquelas revistas contidas no segundo tercio do índice de citas e A₃, o resto de revistas tipo A.

3.2 TIPO B: Revistas de prestixio que non se atopan catalogadas como tipo A e que empregan un proceso de revisión de artigos, a través de censores externos.

3.3 TIPO C: Revistas con referato externo de impacto reducido e aquelas outras que non cumprindo os requisitos anteriores teñan un prestixio científico recoñecido.

As solicitudes para engadir revistas nesta categoría deberán indicar a composición do consello de redacción, comité científico, antigüidade, regularidade e perioricidade e as súas normas de publicación.

3.4 TIPO D: Revistas de investigación non incluídas en apartados anteriores

O baremo será como sigue:

TIPO A	
Nature, Science	36
1ª revista de cada especialidade no 2006	30
A1	24
A2	18
A3	12
Reseña ou nota breve	Un tercio dos puntos que lle correspondería ó artigo extenso
Censor	1
Editor	2
TIPO B	5
Reseña ou nota breve	2
Censor	0,5
Editor	1
TIPO C	3
Reseña ou nota breve	0,5
TIPO D	1
Reseña ou nota breve	0,25

Quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación.

4 - TESES DE DOUTORAMENTO LIDAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Documentación: Inclúranse os datos, a documentación será solicitada pola Vicerreitoría de Investigación ó Servizo de Terceiro Ciclo.

No caso de que o doutorando non sexa profesor da Universidade de Vigo, os puntos da realización sumaranse ó Director.

Realización: 8 puntos

Dirección: 6 puntos

5 - COMUNICACIÓNS A CONGRESOS, SIMPOSIOS E REUNIÓNS CIENTÍFICAS

Documentación: Deberá presentarse obrigatoriamente copia da comunicación publicada no libro de actas do Congreso, así como copia da portada en donde se indique o nome, tipo de Congreso e datas de celebración.

(Non se considerará como copia da comunicación o manuscrito a máquina ou ordenador enviado ó congreso para a súa aceptación).

5.1 Internacionais con Comité Científico e Comité Organizador organizados por 3 ou máis estados e avalados por unha asociación ou organización recoñecida.

Comunicación extensa ou proceeding (non resumos) 3 puntos
Comunicación breve (resumos ou abstract) 1,5 puntos

5.2 Internacionais con Comité Científico e Comité Organizador.

Comunicación extensa ou proceeding (non resumos)..... 2 puntos
Comunicación breve (resumos ou abstract)..... 1 punto

5.3 Estatais con Comité Científico e Comité Organizador avalados por unha asociación ou organización recoñecida.

Comunicación extensa ou procedeing (non resumos)..... 1,5 puntos
Comunicación breve (resumos ou abstract)..... 0,75 puntos

5.4 Nacionais con Comité Científico e/ou Comité Organizador.

Comunicación extensa ou proceeding (non resumos)..... 0,75 puntos
Comunicación breve (resumos ou abstract)..... 0,4 puntos

Ás conferencias plenarias ou ponencias por invitación se engadirá 2 puntos se son internacionais e 1 punto se son nacionais. De maneira excepcional, a Comisión poderá ter en conta, aquelas comunicacións que non se publicaron en libro de actas dos Congresos antes definidos, se a documentación aportada demostra que esa comunicación foi presentada.